

Referencia:	2025/15235M
Procedemento:	Elaboración, gestión de la convocatoria y concesión de subvenciones
Interesado:	
Representante:	
SECCIÓN DE SUBVENCIONES (2550)	

CONVOCATORIA DO CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA GASTOS DE INVESTIMENTO DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DE OURENSE CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2025

Unha vez examinada a documentación presentada coas distintas solicitudes para concesión de subvencións para gastos de investimento de asociacións veciñais de Ourense correspondentes ao exercicio 2025, advertiuse a existencia de deficiencia corrixibles. Polo exposto, de conformidade co disposto na base sétima da convocatoria requírese, para que no prazo de dez (10) días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación deste anuncio na páxina web <http://www.depourense.gal>, enlace Sección de Subvencións, enlace Relación de Concursos, concurso para a concesión de subvencións para gastos de investimento de asociacións veciñais de Ourense correspondentes ao exercicio 2025, proceda á emenda da deficiencia, mediante a presentación ante a Deputación Provincial da documentación marcada cun X na

columna correspondente. O documento que debe ser obxecto de emenda indícase por referencia ao número que se lle asigna na táboa. Ao final do texto deste anuncio especificase de qué documento se trata en cada caso.

SOLICITANTE	APARTADO 1	APARTADO 2	APARTADO 3	APARTADO 4	APARTADO 5	APARTADO 6	APARTADO 7	APARTADO 8	APARTADO 9
Asoc. A Peneda Rexosende G32350753					X			X	X
Asoc. Barrio do Toural G70790910				X			DNI		
Asoc. de vecinos San José de Vistahermosa G32133035								X Autorización	
Asoc. de vecinos Santa Mariña de Entrambosrios G32171770								X Autorización	
Asoc. de vecinos Virgen de Covadonga de Ourense							DNI		
AAVV da Parroquia de San Mamede da Canda G3219958							X	X	
AAVV de A Quintán G32401754							DNI	X	X
AAVV de Sansillao G2359291	X						DNI	X	
AAVV de Vilar de Gomareites								X	

G13841796									
AAVV e cultural Touriño do Val G72981483									X
AAVV parroquial Santa Lucía de Rairo G32014995								X Autorización	
Asoc. Histórica Cultural Rural e Veciñal Paradela de Abeleda G22738397		X	X	X			X		
Asoc. vecinal cultural deportiva de Bóveda Amoeiro G32024812								X	
Asoc. vecinal cultural y deportiva parroquia Cantoña G32152613								X	
Asoc. veciñal, cultural e de maiores O Regueiro G32477333					X			X Autorización	
Asoc. veciños A Gurita de Pereira G32506842				Delegación			2 DNI	X Autorización	

Documentación administrativa:

APARTADO 1.- Solicitud dirixida á Presidencia da Deputación no modelo oficial, recollido no anexo I destas bases, na que se inclúe unha declaración responsable comprensiva do feito de non atoparse incurso o solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, incluíndo unha referencia expresa á circunstancia de atoparse ao día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social.

APARTADO 2- Certificado de inscrición no Rexistro Provincial de Asociacións de Ourense da Xunta de Galicia, no que conste o domicilio social da entidade en Ourense.

APARTADO 3.- Estatutos sociais da entidade.

APARTADO 4.- Poder co que actúe o representante da entidade, agás que a dita función lle corresponda conforme aos estatutos sociais, en razón do seu cargo na entidade, en cuxo caso a validez da representación acreditarase mediante documento acreditativo do seu nomeamento ou elección.

APARTADO 5- Declaración do solicitante da subvención na que figure o conxunto de subvencións públicas solicitadas para os mesmos fins, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes, segundo o modelo anexo II.

APARTADO 6. - Autorización para recibir a través de correo electrónico e/ou sms a comunicación de aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada, da publicación do anuncio de inicio do trámite de audiencia da proposta provisional de resolución, da publicación do acordo de resolución do concurso e do aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias na documentación presentada para a xustificación da subvención concedida, segundo o modelo anexo III.

APARTADO 7.- CIF no que conste o domicilio social da entidade en Ourense, e DNI do representante legal da mesma.

APARTADO 8.- Dereito real sobre o inmovible obxecto da obra de que trate a subvención. Se ten concedida a cesión de uso do local, deberá entregar tamén a autorización, por parte do titular, para facer a obra.

***Necesidade de certificado dixital a nome da entidade solicitante da subvención.**

APARTADO 9.- Tendo en conta o disposto na base décimo sexta da convocatoria, relativo a normativa aplicable, que prevé, que en todo o non disposto nestas bases seralles de aplicación o disposto na normativa de subvencións aplicable a Administración local, así como na lexislación vixente en materia do procedemento administrativo común das administracións públicas, o artigo 14 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas dispón, que as persoas xurídicas estarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo.

Neste caso, ao tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva no que os solicitantes son persoas xurídicas, deben presentar, obrigatoriamente, a documentación para a tramitación do procedemento de referencia, pola sede electrónica co **certificado de representante de persoa xurídica (non de persoa física)**.

Neste senso, e, de conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que indica que si algún dos suxeitos aos que fai referencia o artigo 14.2 e 14.3, presenta a súa solicitude presencialmente, as administracións públicas requirirán ao interesado para que a emende a través da súa presentación electrónica.

No caso de non presenta-la documentación no prazo establecido, a súa solicitude será inadmitida a trámite e non se procederá á súa valoración. Para calquera dúbida ou consulta pode dirixirse ó Negociado de Concursos desta Deputación Provincial , teléfono 988317559.